



Ast.º: Certificado do acordo de aprobación inicial Ref.º: Orzamento para 2010 e Relación dos Postos de Traballo

M. BLANCA ESTÉVEZ SÁNCHEZ, SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DE A CORUÑA,

CERTIFICA:

Que segundo se desprende do borrador da Acta ao que expresamente me remito, resulta que o día vinte e catro de novembro de dous mil nove (24.11.2009) o Pleno deste Consorcio xuntouse nunha sesión extraordinaria na que, entre outros, quedou adoptado o seguinte acordo:

<<2º. Aprobación, se procede, do Orzamento de 2010 e da Relación dos Postos de Traballo.-

Está sobre a mesa a disposición dos presentes o expediente que compón o proxecto do Orzamento de 2010 e mais a Plantilla xunto coa Relación dos Postos de Traballo, co fin da súa aprobación, expoñéndose brevemente o contido dos documentos. Aberto o debate do asunto, realizase un breve cambio de impresións sobre as achegas das entidades consorciadas.

Rematadas as explicacións e intervencións, propón finalmente o sr. presidente a votación ordinaria do asunto, de forma que por unanimidade dos seis membros deste Pleno, adóptase o seguinte **acordo**:

1º. Ratificar o contido íntegro do expediente de referencia, aceptando canta documentación o integra e, consecuentemente, de acordo co disposto polo art. 13.3 dos Estatutos desta Entidade, aprobar inicialmente, tal e como é presentado, o Orzamento deste Consorcio para o exercicio de 2010 así como a Plantilla e Relación dos Postos de Traballo, por entender que no contido, elaboración, formación e tramitación do mesmo, se seguen as disposicións contidas nos artigos 165 e seguintes do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e disposicións concordantes.

2º. En congruencia co anterior e de conformidade co disposto polo art. 168.5 do dito Texto Refundido, declarar expresamente que o Orzamento aprobado se compón unicamente polo da propia Entidade, respondendo o resume por capítulos do mesmo, aos seguintes extremos:

ESTADO DE INGRESOS			ESTADO DE GASTOS		
I	Impostos Directos	0,00	I	Gastos de Persoal	302.300,66
II	Impostos Indirectos	0,00	II	Gastos en bens correntes e servizos	7.358.701,30
III	Taxas e outros ingresos	1.530.200,00	III	Gastos Financeiros	7.200,00
IV	Transferencias correntes	7.337.901,96	IV	Transferencias correntes	0,00
V	Ingresos Patrimoniais	7.200,00			
VI	Venta de inversións reais	0,00	VI	Inversións reais	1.207.100,00
VII	Transferencias de capital	1.420.000,00	VII	Transferencias de capital	0,00
VIII	Activos Financeiros	0,00	VIII	Activos Financeiros	0,00
IX	Pasivos Financeiros	0,00	IX	Pasivos Financeiros	0,00
TOTAL ESTADO DE INGRESOS		8.875.301,96	TOTAL ESTADO DE GASTOS		8.875.301,96

3º. De conformidade co disposto nos apartados anteriores, o presente acordo de aprobación, comprende a de todos os documentos e anexos que compoñen o referido Orzamento, entre os que figuran:

1. As Bases para a Execución do Orzamento, consonte dispón o art. 165.1 do citado Texto Refundido.
2. Anexo comprensivo da Plantilla de Persoal e da completa Relación dos Postos de Traballo deste Consorcio, coas funcións e labores dos efectivos así como coa valoración dos complementos correspondentes, de conformidade co disposto polo art. 90 de la Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e art. 168 do repetido Texto Refundido e demais disposicións concordantes, segundo figura no expediente.
3. Anexo de xestión dos parques, para mellor control e eficacia dos mesmos.
4. Anexo de inversións, consonte ao art. 168 do propio RDL 2/2004.



4º. Tal e como preceptúa o art. 169 do repetido Texto Refundido, publicar o edicto correspondente no "Boletín Oficial" desta provincia, a fin de que os interesados aos que fai mención o apartado 1 do art. 171 dese texto legal, poidan examinar o expediente e presentar reclamacións contra o Orzamento inicialmente aprobado consonte os motivos que a tales efectos enumera o apartado 2 do propio artigo 171 citado e durante o prazo de quince días hábiles.

5º. En concordancia co disposto polo art. 169.1 do propio Texto Refundido si transcorrido o prazo ao que se fai mención no apartado precedente, non se presentara reclamación ningunha, o presente acordo quedará automaticamente elevado a definitivo así como o propio Orzamento deste Consorcio para 2009, debendo procederse, para a entrada en vigor, á publicación requirida polo apartado 3 do propio art. 169 e correspondente da dita RPT, así como ás remisións que recolle o apartado 4 do mesmo en relación co previsto polo art. 70.2 e concordantes da xa citada Lei reguladora das Bases do Réxime Local.

6º. Aprobado definitivamente o Orzamento, deberá cumprimentarse, en tempo e forma, a remisión que en materia de persoal recolle o art. 127 do Texto Refundido aprobado polo Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril e disposicións concordantes.

7º. No caso de se producir reclamacións, serán elevadas a este Pleno previos os informes que se estimen oportunos, para a súa revisión, resolución e adopción do acordo de aprobación definitiva expreso para que, unha vez adoptado, se proceda consonte queda dito para a efectiva entrada en vigor do Orzamento.

8º. Outorgar á Presidencia as pertinentes autorizacións para a efectividade e execución do presente acordo do que deberá emitirse certificación para se unir ao expediente que compón o documento orzamentario inicialmente aprobado.>>

E para que así conste e na unión co referido expediente xurda os efectos oportunos, emito a presente certificación, en cumprimento do disposto polo art. 2.e) do texto aprobado polo Real decreto 1174/1987, do 18 de setembro, con advertencia expresa da excepción que sobre a aprobación da Acta da mencionada sesión fai o art. 206 do Regulamento aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e de orde e co visto e prace do Ilmo. Sr. Presidente, en Carballo a vinte e catro de novembro de dous mil nove.

V.º e pr.
O presidente,

Asdo.: Santiago Villanueva Álvarez